



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 558

VIII legislatura

13 de outubro de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

- 08/PNP-1403 (71507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación coas instalacións do Ministerio de Defensa no concello de Ferrol

[161969](#)

- 08/PNP-1405(71546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do uso para outras finalidades dos medios aéreos contratados para a extinción de incendios

[161972](#)

- 08/PNP-1406(71586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Novacaixagalicia

[161975](#)

- 08/PNP-1407(71606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar o crecemento e a promoción da banda deseñada

[161977](#)

- 08/PNP-1408(71624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a construción dun novo centro de educación infantil e primaria en Nós, no concello de Oleiros

[161980](#)

- 08/PNP-1409(71738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o libramento pola Xunta de Galicia dos importes pendentes de pagamento ás librerías en concepto de axudas ás familias para a compra de libros de texto [161982](#)

- 08/PNP-1410(71752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román e 4 deputados máis
Sobre a elaboración dunhas novas normas complementarias e subsidiarias de planeamento urbanístico de carácter provincial [161984](#)

- 08/PNP-1411(71758)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cadro de persoal, as instalacións e a catalogación do Instituto de Ensinanza Secundaria Illa de Arousa [161987](#)

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

- 08/PPP-0339(71719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, para que explique que medidas está a tomar o Goberno galego para evitar a desaparición da nosa lingua propia nos próximos 40-50 anos, tal como advirten os socio-lingüistas [161990](#)

- 08/PPP-0340(71721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, para que informe sobre a súa valoración en relación coa evolución dos datos rexistrados no Rexistro do Servizo Público de Emprego Estatal dende a súa toma de posesión como conselleira de Traballo e Benestar [161992](#)

- 08/PPP-0341(71722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, para que informe sobre as medidas que previstas tomar o Goberno galego para evitar que Galicia sexa a Comunidade na que máis medra o número de traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego [161994](#)

Solicitudes de comparecencia en Pleno polo procedemento de urxencia

- 08/PPP-0342 (71743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, para dar conta dos expedientes de subvencións ou calquera tipo de axuda concedidas polo sector público autonómico ao conxunto de sociedades controladas polo empresario Jorge Dorribo (Laboratorios Nupel, etc...) ou relacionadas coa investigación denominada "Operación Campeón" [161996](#)

- 08/PPP-0343(71748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta dos expedientes de subvencións ou calquera tipo de axuda concedidas polo sector público autonómico ao conxunto de sociedades controladas polo empresario Jorge Dorribo (Laboratorios Nupel, etc...) ou relacionadas coa investigación denominada "Operación Campeón" [161998](#)

4.2. Interpelacións

- 08/INT-0966 (71447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as medidas que se van adoptar para defender os intereses pesqueiros galegos diante da proposta da Comisión Europea para a fixación de topes autorizados de captura (TAC) e cotas para o ano 2012 [162000](#)

- 08/INT-0968(71494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento da Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia [162003](#)

- 08/INT-0969(71611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis
Sobre a valoración da Consellería de Cultura e Turismo do papel da banda deseñada dentro da cultura galega, as actuacións levadas a cabo para o seu apoio e impulso e as previsións ao respecto [162005](#)

- 08/INT-0970(71614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen e 5 deputados máis
Sobre os investimentos e as actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se esta-

blece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, así como a súa posición respecto da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

[162008](#)

- 08/INT-0971(71618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cajide Hervés, María del Carmen e 2 deputados máis

Sobre as actuacións e os investimentos da Xunta de Galicia para a execución do II Plan director da cooperación galega ao desenvolvemento 2010-2013, e as previsións ao respecto

[162011](#)

- 08/INT-0973(71718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cerviño González, Francisco Xulio e Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre a política lingüística do Goberno galego

[162015](#)

- 08/INT-0974(71723)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández López, Miguel Angel e 3 deputados máis

Sobre o crecemento progresivo en Galicia do número e porcentaxe de traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego, e a súa evolución en relación co resto das comunidades autónomas

[162017](#)

- 08/INT-0975(71724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández López, Miguel Angel e 3 deputados máis

Sobre a valoración e as medidas previstas pola Consellería de Traballo e Benestar respecto da evolución dos datos do Rexistro do Servizo Público de Emprego Estatal, referidos ao crecemento inter-anual de demandantes de emprego non ocupados en Galicia

[162019](#)

- 08/INT-0976(71726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tojo Ramallo, Luis María e 2 deputados máis

Sobre o recorte levado a cabo polo Goberno galego nas políticas de vivenda e as medidas previstas ao respecto

[162022](#)

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 08/POP-2928 (71441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento da Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia

[162025](#)

- 08/POP-2929(71450)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que se van adoptar para defender os intereses pesqueiros galegos no proceso de negociación diante da Comisión Europea dos topes autorizados de captura (TAC) e cotas para o ano 2012

[162027](#)

- 08/POP-2930(71453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para defender a frota pesqueira galega que faena no Gran Sol

[162030](#)

- 08/POP-2932(71493)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e Novoa López, Enrique

Sobre os obxectivos principais deseñados na normativa urbanística provisional aprobada pola Xunta de Galicia para a cidade de Ourense

[162032](#)

- 08/POP-2936(71516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 4 deputados máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para distribuír axudas aos emigrantes galegos en Cuba durante a precampaña electoral do ano 2011

[162034](#)

- 08/POP-2938(71582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre os plans da Consellería de Sanidade para o futuro do consultorio médico da parroquia de San Miguel de Tabagón, no concello do Rosal

[162036](#)

- 08/POP-2939(71587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre os informes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que avalan a decisión de eliminar un xacemento arqueolóxico descuberto en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia

[162038](#)

- 08/POP-2940(71588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre a decisión do Goberno galego respecto da solicitude realizada polo Concello de Noia para a conservación no seu lugar orixi-

SUMARIO

nal dos restos arqueolóxicos descubertos en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia [162041](#)

- 08/POP-2941(71589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para a conservación no seu lugar orixinal do xacemento arqueolóxico descuberto en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia [162044](#)

- 08/POP-2942(71590)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre as actuacións de protección adoptadas polo Goberno galego para o asentamento castrexo descuberto en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia [162047](#)

- 08/POP-2943(71615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cajide Hervés, María del Carmen e 4 deputados máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto da derogación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo [162050](#)

- 08/POP-2944(71642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a redución das posibilidades de captura da frota pesqueira galega no caladoiro NAFO [162053](#)

- 08/POP-2949(71734)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 2 deputados máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a licitación dalgún tramo pendente da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte, que vertebrará o litoral das provincias da Coruña e Lugo [162055](#)

- 08/POP-2945(71760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis

Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da cobertura das carencias detectadas en materia de recursos humanos e materiais no Instituto de Ensinanza Secundaria Illa de Arousa [162057](#)

- 08/POP-2946(71771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para resolver a incidencia no sector naval galego do procedemento aberto pola Unión Europea en relación co réxime fiscal aplicado á construción de novos buques, coñecido como sistema de arrendamento fiscal español [162059](#)

A Mesa do Parlamento, na reunión do 10 de outubro de 2011, adoptou os seguintes acordos

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/PNP-1403 (71507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación coas instalacións do Ministerio de Defensa no concello de Ferrol

- 08/PNP-1405(71546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do uso para outras finalidades dos medios aéreos contratados para a extinción de incendios

- 08/PNP-1406(71586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Novacaixagalicia

- 08/PNP-1407(71606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar o crecemento e a promoción da banda deseñada

- 08/PNP-1408(71624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a construción dun novo centro de educación infantil e primaria en Nós, no concello de Oleiros

- 08/PNP-1409(71738)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o libramento pola Xunta de Galicia dos importes pendentes de pagamento ás librerías en concepto de axudas ás familias para a compra de libros de texto

- 08/PNP-1410(71752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 4 deputados máis

Sobre a elaboración dunhas novas normas complementarias e subsidiarias de planeamento urbanístico de carácter provincial

- 08/PNP-1411(71758)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cadro de persoal, as instalacións e a catalogación do Instituto de Ensinanza Secundaria Illa de Arousa

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/PPP-0339(71719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, para que explique que medidas está a tomar o Goberno galego para evitar a desaparición da nosa lingua propia nos próximos 40-50 anos, tal como advirten os socio-lingüistas

- 08/PPP-0340(71721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, para que informe sobre a súa valoración en relación coa evolución dos datos rexistrados no Rexistro do Servizo Público de Emprego Estatal dende a súa toma de posesión como conselleira de Traballo e Benestar

- 08/PPP-0341(71722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, para que informe sobre as medidas que previstas tomar o Goberno galego para evitar que Galicia sexa a Comunidade na que máis medra o número de traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/CPP-0342 (71743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, para dar conta dos expedientes de subvencións ou calquera tipo de axuda concedidas polo sector público autonómico ao conxunto de sociedades controladas polo empresario Jorge Dorribo (Laboratorios Nupel, etc...) ou relacionadas coa investigación denominada “Operación Campeón”

- 08/CPP-0343(71748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para dar conta dos expedientes de subvencións ou calquera tipo de axuda concedidas polo sector público autonómico ao conxunto de sociedades controladas polo empresario Jorge Dorribo (Laboratorios Nupel, etc...) ou relacionadas coa investigación denominada “Operación Campeón”

4.2. Interpelacións**Admisión a trámite e publicación**

- 08/INT-0966 (71447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as medidas que se van adoptar para defender os intereses pesqueiros galegos diante da proposta da Comisión Europea para a fixación de topes autorizados de captura (TAC) e cotas para o ano 2012

- 08/INT-0968(71494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento da Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia

- 08/INT-0969(71611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis
Sobre a valoración da Consellería de Cultura e Turismo do papel da banda deseñada dentro da cultura galega, as actuacións levadas a cabo para o seu apoio e impulso e as previsións ao respecto

- 08/INT-0970(71614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen e 5 deputados máis
Sobre os investimentos e as actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, así como a súa posición respecto da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

- 08/INT-0971(71618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen e 2 deputados máis
Sobre as actuacións e os investimentos da Xunta de Galicia para a execución do II Plan director da cooperación galega ao desenvolvemento 2010-2013, e as previsións ao respecto

- 08/INT-0973(71718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cerviño González, Francisco Xulio e Meijón Couselo, Guillermo Antonio
Sobre a política lingüística do Goberno galego

- 08/INT-0974(71723)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández López, Miguel Angel e 3 deputados máis
Sobre o crecemento progresivo en Galicia do número e porcentaxe de traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego, e a súa evolución en relación co resto das comunidades autónomas

- 08/INT-0975(71724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández López, Miguel Angel e 3 deputados máis
Sobre a valoración e as medidas previstas pola Consellería de Traballo e Benestar respecto da evolución dos datos do Rexistro do Servizo Público de Emprego Estatal, referidos ao crecemento interanual de demandantes de emprego non ocupados en Galicia

- 08/INT-0976(71726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Tojo Ramallo, Luis María e 2 deputados máis
Sobre o recorte levado a cabo polo Goberno galego nas políticas de vivenda e as medidas previstas ao respecto

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-2928 (71441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento da Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia

- 08/POP-2929(71450)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que se van adoptar para defender os intereses pesqueiros galegos no proceso de negociación diante da Comisión Europea dos toques autorizados de captura (TAC) e cotas para o ano 2012

- 08/POP-2930(71453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para defender a frota pesqueira galega que faena no Gran Sol

- 08/POP-2932(71493)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e Novoa López, Enrique

Sobre os obxectivos principais deseñados na normativa urbanística provisional aprobada pola Xunta de Galicia para a cidade de Ourense

- 08/POP-2936(71516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 4 deputados máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para distribuír axudas aos emigrantes galegos en Cuba durante a precampaña electoral do ano 2011

.

- 08/POP-2938(71582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre os plans da Consellería de Sanidade para o futuro do consultorio médico da parroquia de San Miguel de Tabagón, no concello do Rosal

- 08/POP-2939(71587)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre os informes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que avalan a decisión de eliminar un xacemento arqueolóxico descuberto en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia

- 08/POP-2940(71588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre a decisión do Goberno galego respecto da solicitude realizada polo Concello de Noia para a conservación no seu lugar orixinal dos restos arqueolóxicos descubertos en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia

- 08/POP-2941(71589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para a conservación no seu lugar orixinal do xacemento arqueolóxico descuberto en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia

- 08/POP-2942(71590)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre as actuacións de protección adoptadas polo Goberno galego para o asentamento castrexo descuberto en Taramancos durante a execución das obras da variante de Noia

- 08/POP-2943(71615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cajide Hervés, María del Carmen e 4 deputados máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto da derogación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

- 08/POP-2944(71642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a redución das posibilidades de captura da frota pesqueira galega no caladoiro NAFO

- 08/POP-2949(71734)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 2 deputados máis
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a licitación dalgún tramo pendente da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte, que vertebra o litoral das provincias da Coruña e Lugo

- 08/POP-2945(71760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis
Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da cobertura das carencias detectadas en materia de recursos humanos e materiais no Instituto de Ensinanza Secundaria Illa de Arousa

- 08/POP-2946(71771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre as xestión realizadas pola Xunta de Galicia para resolver a incidencia no sector naval galego do procedemento aberto pola Unión Europea en relación co réxime fiscal aplicado á construción de novos buques, coñecido como sistema de arrendamento fiscal español

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2011 16:41
Nº Rexistro: 71507
Data envío: 03/10/2011 16:41:52.257

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Fernando Branco Parga** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

As instalacións do Ministerio de Defensa no Concello de Ferrol, ocupan un total de 374,40 hectáreas, das cales, 163,63 hectáreas son de solo urbano, é dicir, o 20% do solo urbano de Ferrol está ocupado por instalacións do Ministerio de Defensa.

Este Ministerio non paga ningún tipo de impostos por estes terreos, supostamente pola súa vinculación á defensa do estado, aínda que nos mesmos se asenten instalacións de lecer (Montón), residencias de oficiais e suboficiais –que funcionan como instalacións de hospedaría-, instalacións deportivas, ou terreos desafectados totalmente dos seus usos militares.

O Ministerio de Defensa só abona o IBI da empresa Navantia, con retraso, e logo de interpoñer todos os recursos xudiciais posíbeis contra a liquidación deste imposto por parte do Concello, o que supón un comportamento totalmente denunciábel; e actualmente ten sen pagar o IBI dos anos 2008, 2009 e 2010.

Asemade, o Ministerio de Defensa veu recortando a partida económica que figuraba nos Orzamentos Xerais do Estado, destinada a Ferrol en concepto de “compensación pola ocupación de terreos de Defensa”, que nacera como xeito de compensación polo solo ocupado. No último orzamento aprobado, correspondente ao ano 2010, esta partida reduciuse na metade, pasando de 500.000 € a 250.000 €, xustificándose na



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2011 16:41
Nº Rexistro: 71507
Data envío: 03/10/2011 16:41:52.257

crise económica. Porén, o gasto militar non foi obxecto de recorte orzamentario, cuns investimentos previstos para o ano 2010 de 3.692 Millóns de Euros.

Que o Ministerio de Defensa non pague tributos á cidade, fan que Ferrol teña unha limitación estrutural a respecto dos ingresos, que afecta gravemente ás súas posibilidades de desenvolvemento propio.

Esta forma de actuar do Ministerio de Defensa, negándose a pagar impostos, negándose a ceder e a incorporar á malla urbana os terreos e instalacións desafectadas, significa que manteñen o 20% do solo urbano de Ferrol como solo improdutivo a todos os efectos e impiden a este Concello ter aproximadamente 8.668 unidades urbanas, co seu correspondente IBI e impostos que se poderían derivar do seu aproveitamento.

En tempos de crise é preciso que as institucións e os gobernos dean exemplo. O Goberno do Estado debería actuar compensando ao Concello de Ferrol e non xogar mercantilistamente cos terreos desafectados, o que favorece, sen dúbida, a especulación urbanística.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** presenta a seguinte Proposición Non de Lei:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado:

1. *O pagamento do IBI da Empresa Navantia, en tempo e forma, sen necesidade*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2011 16:41
Nº Rexistro: 71507
Data envío: 03/10/2011 16:41:52.257

de recorrer á vía xudicial.

2. *A regularización do pago de tributos, por parte do Ministerio de Defensa, co Concello de Ferrol, ou o mantemento da compensación por ocupación de terreos.*
3. *A incorporación á malla urbana e cesión gratuíta dos terreos militares desafectados, sen ningún tipo de contraprestación urbanística a cambio.*
4. *Solucións ao impacto visual que supón o muro que aínda rodea as instalacións militares no centro da cidade.*


Santiago de Compostela, 3de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga
Deputado do G.P. do BNG.
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 03/10/2011 16:32:36

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/10/2011 16:32:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2011 12:33
Nº Rexistro: 71546
Data envío: 04/10/2011 12:33:15.033


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo e María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as accións que debe levar adiante a Xunta de Galiza ante o usos de medios aéreos contratados para a extinción de incendios para outras finalidades.

A denuncia, que fixo pública o BNG, relativa ao uso dun helicóptero do servizo de extinción de incendios para trasladar ao monte Gaiás ao equipo da Federación Internacional de Tenis e o alcalde de Santiago de Compostela, ven de ser confirmada en sede parlamentar, tanto polo Conselleiro de Medio Rural, como polo propio Director Xeral de Montes. Porén, esta constatación -que pon en evidencia que o Concello de Santiago mentiu sobre este asunto nun primeiro momento- lonxe de zanxar o asunto, introduce aspectos que deben ser clarificados.

En primeiro lugar, o funcionamento da cadea de mando na articulación do dispositivo e dos medios contratados pola Xunta para a extinción de incendios; e, en segundo lugar, as responsabilidades por incumprimento do contrato, da empresa adxudicataria deste servizo.

O protocolo que regula o funcionamento dos servizos de extinción de incendios establece que é o Director Xeral de Montes quen dá a última orde en relación cos desprazamentos dos medios aéreos. Segundo afirmou en sede parlamentar o Director Xeral de Montes, el non autorizou o uso do helicóptero para trasladar aos técnicos da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2011 12:33
Nº Rexistro: 71546
Data envío: 04/10/2011 12:33:15.033


Copa Davis ao Gaiás. Isto implica que o dispositivo está funcionando sen o control e requisitos que se establecen, e o Director Xeral de Montes non atende as funcións e obrigas do seu cargo atinadamente.

Mais a resposta ofrecida sobre este asunto tamén desvelou que o helicóptero utilizado formaba parte do servizo de extinción. Sabemos, ademais, que non puido completar o servizo porque foi requirido para labores de extinción dun incendio. O contrato coa empresa adxudicataria deste servizo implica exclusividade dos medios aéreos. O feito contrastado é que a empresa, utiliza estes medios para fins particulares e desatende a cláusula de exclusividade. Cremos que se isto é así, a Xunta de Galiza debe investigar estes feitos e abrir un expediente á empresa por incumprimento do contrato.

Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha investigación interna sobre o funcionamento dos medios aéreos do servizo de extinción de incendios, particularmente determinar se algún cargo da Consellaría de Medio Rural autorizou o uso do citado helicóptero para traslado dos técnicos da Federación Internacional de Tenis e alcalde de Santiago á Cidade da Cultura, depurando as responsabilidades políticas que se detecten. Os resultados desta investigación e decisións adoptadas serán remitidas ao Parlamento de Galiza no prazo dun mes.
2. Incoar o expediente oportuno para esixir responsabilidades á empresa propietaria do helicóptero por incumprimento de contrato.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2011 12:33
Nº Rexistro: 71546
Data envío: 04/10/2011 12:33:15.033

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/10/2011 12:30:46

María Tereixa Paz Franco na data 04/10/2011 12:30:52



Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas dos deputados e deputadas **M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba e Carmen Acuña Do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Ante a desaparición da caixa galega e ante as novas que informan de indemnizacións millonarias para os exdirectivos de Novacaixagalicia, resulta imprescindible coñecer as responsabilidades profesionais e políticas que derivaron na actual situación. Do mesmo xeito, resulta necesario evitar o pago e o dereito a percepción de compensacións económicas de calquera tipo mentres non estean claramente determinadas e depuradas as presuntas responsabilidades na da perda da caixa. Mais aínda cando a valoración da entidade lle outorga unha participación inferior ao 7% en NCG banco, mentres precísanse importantísimas achegas de recursos públicos para garantir a solvencia da entidade e mentres moitos traballadores e traballadoras da entidade vén en perigo os seus empregos.

Ante a gravidade destes feitos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar cantas medidas e iniciativas sexan precisas para:

- Impedir o pago de indemnizacións millonarias aos exdirectivos de Novacaixagalicia.
- Determinar as responsabilidades que provocaron a desaparición da caixa galega.



Grupo Parlamentario

- Tomar as medidas legais oportunas para depurar ditas responsabilidades
- Lexislar a fundación especial derivada da anterior caixa, tomando as medidas oportunas para evitar a participación nela de ningún membro que tivera responsabilidade no proceso de desaparición de Novacaixagalicia.
- Garantir que as directivos da fundación NCG e os seus representantes desenvolverán a súa actividade con criterios de transparencia, rigor e profesionalidade.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña do Campo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 04/10/2011 13:26:18

Ismael Rego González na data 04/10/2011 13:26:23

José Manuel Gallego Lomba na data 04/10/2011 13:26:29

María del Carmen Acuña do Campo na data 04/10/2011 13:26:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/10/2011 13:26:42



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e dos seus deputados **Xoaquín M^a Fernández Leceaga, Francisco Cerviño González e Guillermo Meijón Couselo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A banda deseñada en Galicia está a acadar, nos últimos anos, un innegable prestixio dentro e fóra do noso país. A consolidación internacional de artistas galegos, o nacemento de novas editoriais, as traducións a outras linguas de obras en galego, o éxito de novos creadores, a multiplicación de premios nacionais e internacionais..., ofrecen un panorama rico e diverso dunha manifestación artística que tamén resulta ser un importante vehículo da nosa lingua e da nosa cultura.

É por tanto un sector que merece o apoio e impulso decidido da Xunta de Galicia, pero, nesta liña que está a seguir a Consellería de Cultura de abandono dos nosos creadores e das industrias culturais, amparados nunha crise que lle serve de coartada para debilitar a cultura de noso país, nos últimos dous anos está a desaparecer todo tipo de axuda a banda deseñada.

Así, o acaban de denunciar publicamente a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración e o sector da banda deseñada (autores, libeiros, editores asociacións de creadores e lectores de banda deseñada) a través de cartas abertas de protestas.

Os incumprimentos da Xunta de Galicia denunciados son tantos e tan importantes que é obvio o abandono de calquera política a prol da banda deseñada.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Así, manifestan que a Xunta de Galicia non investiu no ano 2010 os 600.000 € prometidos ao sector, que incumpriu a promesa de converter as bolsas para a creación en premios de novela gráfica profesional, despois de ser a convocatoria das bolsas un total fracaso que contou co rexeitamento de todo o sector e que non realizou compras para as bibliotecas públicas nin programas de fomento da lectura.

Da mesma maneira, denuncian a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para as Xornadas de Ourense, despois de 22 edicións, e para o premio Castelao, a falta de convocatoria da “Xuventude Crea” en Ourense para autores noveis, a eliminación de axudas para o desenvolvemento de actividades e asociacións culturais, a total falta de iniciativas para a promoción da banda deseñada galega dentro.

En definitiva, isto significa a desaparición, paulatina e sistematicamente, de todas as accións de apoio a banda deseñada por parte da Xunta de Galicia e demostra a nula capacidade que ten o conselleiro de cultura e o xerente da Agadic para o diálogo e o consenso.

En manifestacións recentes, o conselleiro de Cultura, afirmou que a cultura “é un dos grandes capitais de futuro que temos en Galicia” ao tempo que comprometía o seu apoio ás industrias culturais, pero unha vez máis, fai o contrario do que di, sendo a súa política un sen fin de palabras baleiras de contido tal como se demostra, unha vez máis, a súa actuación ca banda deseñada.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno.



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a convocar, á maior brevidade posible, a Mesa da banda deseñada para consensuar un programa de apoio, que conteña todas as liñas de acción necesarias para impulsar o crecemento e a promoción da banda deseñada e que estas teñan o reflexo necesario nos orzamentos do 2012.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leceaga
Francisco Cerviño González
Guillermo Meijón Couselo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 30/09/2011 12:40:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/09/2011 12:40:39

Francisco Xulio Cerviño González na data 30/09/2011 12:40:46

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 30/09/2011 12:40:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/09/2011 12:40:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2011 17:36
Nº Rexistro: 71624
Data envío: 04/10/2011 17:36:00.434

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu tratamento en **Pleno**, relativa á construción dun novo Centro de Ensino de Infantil e Primaria (CEIP) en Nós (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta a unha iniciativa do BNG o goberno galego recoñece o retraso na construción do CEIP previsto en Nós así como a plena disponibilidad dos terrenos cedidos polo Concello.


Rematadas as excusas e co fin de rematar cos problemas que a falta de prazas escolares públicas está a criar no concello de Oleiros, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta ao Goberno a iniciar de inmediato a construción do novo CEIP de Nós co fin de que o mesmo poida entrar en funcionamento no curso 2012-2013.

Santiago de Compostela, a 4 de Outubro de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2011 17:36
Nº Rexistro: 71624
Data envío: 04/10/2011 17:36:00.434

Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/10/2011 17:16:42

Maria do Carme Adán Villamarín na data 04/10/2011 17:16:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2011 10:34
Nº Rexistro: 71738
Data envío: 06/10/2011 10:34:16.343

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A Federación de libeiros de Galiza ven de denunciar o impago da Xunta de Galiza das axudas aos libros de texto. O sector está fondamente preocupado, polo que, este grupo parlamentar considera necesario que o goberno exprese os motivos deste retraso.

Asemade cómpre lembrar que para mellorar a calidade educativa é necesario que o investimento público garanta o acceso á mesma en igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas.

Polo anterior, presentase a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a facer efectivo o pagamento ás librerías das cantidades que se lles adeuda en concepto de axudas ás familias para compra de libros.”

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2010

Asdo. Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2011 10:34
Nº Rexistro: 71738

Data envío: 06/10/2011 10:34:16.343

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 06/10/2011 10:21:05

Ana Belén Pontón Mondelo na data 06/10/2011 10:21:17

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Jaime Castiñeiras Broz, Alejandro Gómez Alonso, Rosa Oubiña Solla e Jesus Goldar Guimil,, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos.

O fomento de instrumentos de planificación urbanística debe ser unha das prioridades das diferentes administracións públicas. Así o entendemos desde o PPdeG, e por tal motivo na presente lexislatura se levaron a cabo unha serie de accións políticas encamiñadas a favorecer o desenvolvemento dos instrumentos de planificación. Así impulsouse unha modificación da LOUGA na que un dos seus obxectivos é reducir os tempos de tramitación administrativa dos planeamentos, tanto xerais como de desenvolvemento. Tamén se aprobaron instrumentos territoriais que, como as DOT ou o POL contribúen a reducir as incertidumes e dotar de seguridade xurídica ós concellos á hora de abordar a elaboración dos seus respectivos planeamentos. E, tamén, se mantivo unha liña de financiamento para a elaboración de planeamento orientada a subvencionar ós entes locais.

Con todo o significativo número de concellos galegos que aínda carecen de planeamentos é unha eiva singular para o logro dun territorio ordenado baixo criterios de sustentabilidade, rigor e seguridade. E así moitos concellos, nomeadamente os de natureza máis rural, continúan a ordenar a súa estrutura territorial e de ocupación do solo con Normas Subsidiarias de Planeamento baseadas en normativas e fundamentos actualmente obsoletos polo devir das demandas e esixencias sociais que teñen derivado nunha maior conciencia colectiva no ámbito ambiental e territorial.

A Administración Autonómica debe continuar a profundizar no impulso de liñas de acción política orientadas á actualización dos instrumentos de planificación, prestando singular atención a aqueles concellos que pola súa entidade e carencias técnicas e financeiras teñen dificultades para dotarse de planeamento específico.

Por tal motivo faise evidente a necesidade que desde a Xunta de Galicia se plantexe a posibilidade de por a disposición dos concellos, especialmente para os de pequeno tamaño, dun compendio de información e determinacións urbanísticas e territoriais que con carácter subsidiario e complementario facilite a elaboración dos seus propios instrumentos, ou no seu defecto posibilite unha xestión territorial acorde co marco normativo actual e que de resposta ás demandas da sociedade actual. Así xunto coas DOT, e de xeito coordinado coas súas determinacións, semella de interese actualizar as Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento das provincias galegas (datan do 1991), a fin de fixar tanto un marco de referencia para aqueles concellos que carezan de planeamento xeral, como de reducir as incertidumes na elaboración e tramitación de novos planeamentos xerais.

Por tal motivo:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración dunhas novas Normas Complementarias e Subsidiarias de carácter provincial.”

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2011



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/10/2011 13:54:32

Román Rodríguez González na data 06/10/2011 13:54:38

Jaime Castiñeira Broz na data 06/10/2011 13:54:44

Alejandro Gomez Alonso na data 06/10/2011 13:54:49

Rosa Oubiña Solla na data 06/10/2011 13:54:58

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 06/10/2011 13:55:04



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada **Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A comunidade educativa do IES Illa de Arousa está a manifestar o seu fondo malestar ante a negativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de atender as xustas reivindicacións que están a defender, respecto das necesidades acuciantes que presenta este centro de cara ao curso 2011-2012, para poder desenvolver o seu labor educativo coa calidade educativa requirida.

As carencias denunciadas pola comunidade educativa do IES Illa de Arousa revisten a suficiente gravidade como para que sexan atendidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa máxima urxencia. En concreto, podemos citar as seguintes:

- Número insuficiente de profesorado que está a provocar a prohibición, por parte da administración educativa, de desdobre no segundo curso de ensinanza secundaria.
- Necesidade imperiosa dun profesor de Pedagogía Terapéutica, alomenos, e como mínimo, a tempo parcial compartido con outro centro.
- Acometer coa máxima urxencia a necesaria ampliación do centro para así dar resposta as necesidades presentes e futuras de escolarización.
- Catalogar definitivamente ao IES Illa de Arousa como un centro de liña 3 para así dar resposta as necesidades educativas coa dimensión requirida.



Grupo Parlamentario

Como vemos, estamos a falar de carencias de recursos humanos e materiais que sen dúbida afectan aos niveis de calidade que deben esperarse dun centro público de ensinanza secundaria. Tal situación, ademais de por parte da comunidade educativa, é recoñecida tamén por todos os grupos políticos con representación no concello da Illa de Arousa, que teñen votado por unanimidade o apoio a estas xustas reivindicacións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Incrementar, no presente curso 2011-2012, o cadro de persoal do IES Illa de Arousa e permitir o desdobre do segundo curso de ensinanza secundaria.
- 2.- Dotar, no presente curso 2011-2012, ao IES Illa de Arousa dun profesor máis de Pedagogía Terapéutica, alomenos a tempo parcial compartido con outro centro.
- 3.- Acometer coa máxima urxencia a necesaria ampliación do centro para así dar resposta as necesidades presentes e futuras de escolarización.
- 4.- Catalogar definitivamente ao IES Illa de Arousa como un centro de liña 3 para así dar resposta as necesidades educativas coa dimensión requirida.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Data envío: 30/09/2011 13:39:16.097


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas que se adoptarán para defender os intereses pesqueiros galegos diante da proposta da Comisión Europea para a fixación de cotas de captura para o vindeiro ano 2012.

O 2011 foi un ano negro para o sector pesqueiro galego, como consecuencia dos drásticos recortes producidos nas cotas de captura de numerosas especies chave para a nosa frota, por decisión inxusta e discriminatoria da Unión Europea.

As previsións para o vindeiro 2012 poden ser piores. A Comisión Europea acaba de facer pública a súa proposta de fixación de Topes Autorizados de Captura (TAC) e cotas, que reincide nos mesmos criterios de marxinação á Galiza baixo unha perspectiva acientífica. Só a defensa sectaria e profundamente antidemocrática dos intereses económicos e comerciais dos estados máis fortes é a explicación que lle dá sentido a estas novas propostas da Comisión Europea.

Especialmente grave para a frota do Gran Sol, con recortes do 25% para a rabada (peixe sapo) e o rapante, do 19% para a cigala ou do 11% para a pescada, entre outros. En augas do caladoiro cantábrico-noroeste é absolutamente insuficiente a proposta de incremento do 15% da cota de pescada, atendendo á persistencia dos rixidos límites previstos no falaz e inxusto “Plano de Recuperación da Pescada”, imposto pola propia Unión Europea, que só permite a actividade pesqueira 158 días



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2011 13:39
Nº Rexistro: 71450
Data envío: 30/09/2011 13:39:16.097

ao ano. Por outra banda, nada se sabe aínda das previsións de captura de lirio e xarda, pendentes –afirman, de negociacións con outros estados.

Contodo, a decisión final será adoptada polo Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea. Non todo está perdido, mais cumpre tomar unha posición activa na defensa do sector pesqueiro galego, tecer alianzas, presentar datos científicos propios, determinar a posición do Goberno español nese foro, negociar con outros estados, etc.

É lamentábel que, no contexto descrito, a Consellaría do Mar asista como simple espectadora a un proceso que pode provocar efectos devastadores sobre a nosa frota de baixura, cerco, arrastre litoral e Gran Sol. De xeito irresponsábel, pódelle máis ao Goberno do Partido Popular o seu seguidismo fanático a respecto da Unión Europea que a lealdade política e legalmente exixíbel ao país que lle paga.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta oral en Pleno, dirixida á Conselleira do Mar:

Que medidas se adoptarán para a defensa do sector pesqueiro galego no proceso de negociación que culminará na decisión definitiva a tomar no Consello de Ministros de Pesca da UE?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2011 13:39
Nº Rexistro: 71450
Data envío: 30/09/2011 13:39:16.097

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 30/09/2011 13:28:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2011 13:41
Nº Rexistro: 71453
Data envío: 30/09/2011 13:41:18.392

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación e evolución da frota pesqueira galega no Gran Sol.

A frota pesqueira galega no Gran Sol experimentou unha fortísima redución desde o ingreso do Estado español no Mercado Común Europeo, en 1986. Hoxe continúa ese proceso de desmantelamento, disfrazado agora como “abandeiramento” dos buques noutros estados comunitarios, como consecuencias da insuficiencia de cotas de captura que padece a frota galega.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptará o Goberno galego en defensa deste segmento de frota?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2011 13:41
Nº Rexistro: 71453

Data envío: 30/09/2011 13:41:18.392

Bieito Lobeira Domínguez na data 30/09/2011 13:34:56

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González e Enrique Novoa López, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante a Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia ven de aprobar a normativa urbanística provisional da cidade de Ourense que permitirá desbloquear a situación derivada da recente anulación do planeamento urbanístico local do 2003 por parte do Tribunal Supremo.

Tal normativa elaborada pola Xunta de Galicia e consensuada co Concello de Ourense, posibilitará, en tanto non se aprrobe un novo Plan Xeral, dar cobertura legal a una serie de proxectos de interese para a cidade.

Tendo en conta a singular importancia que o planeamento urbanístico acada para o devir económico e social dunha cidade, é polo que se formula a seguinte pregunta:

Cales son os obxectivos principais que se deseñan na ordenación urbanística provisional da cidade de Ourense?.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 03/10/2011 10:19:16



Enrique Novoa López na data 03/10/2011 10:19:25



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, Beatriz Sestayo Doce, José Manuel Lage Tuñas, Juan Carlos Francisco Rivera e José Luis Méndez Romeu, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En plena precampaña electoral a Xunta de Galicia, coa destacada presenza dun membro do Goberno, está distribuindo as axudas que a solidariedade de todos os galegos teñen para cos nosos compatriotas residentes en Cuba.

As deputadas e os deputados que asinan teñen interese en coñecer a resposta do Goberno galego á seguinte pregunta:

Que razón aconsella á Xunta de Galicia distribuír estas axudas en pleno período preelectoral e coordinado fisicamente por un membro do Goberno?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
Beatriz Sestayo Doce
José Manuel Lage Tuñas
Juan Carlos Francisco Rivera
José Luis Méndez Romeu

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 03/10/2011 17:28:32

Beatriz Sestayo Doce na data 03/10/2011 17:28:37




Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 03/10/2011 17:28:45

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/10/2011 17:28:59

Jose Luis Méndez Romeu na data 03/10/2011 17:29:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2011 13:51
Nº Rexistro: 71582
Data envío: 04/10/2011 13:51:03.365

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Ana Luisa Bouza Santiago, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Na parroquia de San Miguel de Tabagón, no Concello de O Rosal, existe un consultorio médico que atende os veciños e veciñas das parroquias de Eiras, San Xoán de Tabagón e os da propia San Miguel. A médica titular desta consulta está enferma e ten faltado durante varios días ao seu traballo durante o pasado mes de setembro. Este luns, 3 de outubro, tampouco atendeu aos seus pacientes. Segundo puido saber o BNG, esta situación vai persistir, pois é posíbel que a enfermidade da médica teña unha duración continuada no tempo.

O Centro de Saúde do Rosal non atende aos pacientes que pertencen ao consultorio médico por non ser pacientes dos médicos alí adscritos. Isto implica que moitos pacientes que teñen cita para que se lle expidan receitas, que teñen consultas de enfermidade, ou que teñen que renovar partes de baixa e que lle coincide cos días en que non está a médica, teñan que regresar ás súas casas sen ser atendidos ou desprazase ás urxencias, de ser a enfermidade de carácter grave, ao PAC da Guarda. Esta é unha situación totalmente anómala que produce retrasos na expedición de receitas, nalgúns casos necesarias por precisar tratamentos para enfermidades crónicas, ou desatención nas doenzas, e mesmo retrasos na xustificación das baixas de enfermidade diante das empresas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2011 13:51
Nº Rexistro: 71582
Data envío: 04/10/2011 13:51:03.365

Sorprendentemente, a Consellaría de Sanidade non ten posto a ningún médico ou médica substituto da titular os días que falta á consulta, nin feito unha previsión de futuro de ser unha baixa continuada, polo que presentamos a seguinte pregunta:

Que plans de futuro manexa a Consellaría para a mellora deste consultorio médico?

Santiago de Compostela, 4de outubro de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 04/10/2011 13:47:18

Ana Luisa Bouza Santiago na data 04/10/2011 13:47:25



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López e Pablo Xabier López Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno** co obxecto de coñecer as decisións tomadas polo Goberno galego respecto da **protección do castro descuberto en Taramancos - Noia coincidindo coa execución dunha infraestrutura terrestre promovida pola Xunta de Galicia**.

O asentamento castrexo de Taramancos, descuberto o pasado maio durante as obras de construción da variante de Noia e que coincide co trazado desta rede viaria está véndose alterado e parece que o Goberno galego ten decidido o seu desmantelamento definitivo. Os vestixios históricos atopados segundo ten explicitado o departamento de Medio Ambiente e Territorio do Goberno galego "despois de clasificalos e inventariarlos retiráranse do lugar".

As explicacións públicas dadas polo Goberno galego xustifican a agresión ao patrimonio cultural deste País na "falta de relevancia arqueolóxica e o deterioro do xacemento".

Desde maio os arqueólogos estudian estes restos baixo a supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

A alarma saltou no concello de Noia cando se coñeceu que unha das vivendas xa escavadas e de planta circular desaparecera. O Goberno galego escudouse publicamente dicindo que se estaba escavando baixo as edificacións castrexas e romanas.

A realidade demostra que se pode estar diante dunha perda irreversible para Noia e para toda Galicia. O Goberno galego manifesta indiferencia diante da demanda de protección do noso patrimonio cultural e arqueolóxico.

É evidente que parece que a Xunta de Galicia decidiu eliminar, previa "escavación, catalogación e inventario", o importante xacemento arqueolóxico que saíu á luz no concello de Noia ao fío da construción da ponte sobre a ría.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno galego non manifestou en ningún momento intención algunha de conservar in situ o asentamento, ao pé da aldea de Taramancos, a uns 300 metros do mar. Conta con restos e estruturas de edificacións de distintos períodos da historia, que van desde a Idade de Bronce, pasando polas épocas romanas, castrexa e outras máis tardías, ata o século IV despois de Cristo.

Esta forma de actuar do Goberno galego pon de manifesto un total desprezo da conservación do patrimonio e do medio ambiente e provocan "unha enorme perda" para a historia de Noia, que non conserva ningún outro resto romano, ao mesmo tempo que supón unha perda dun atractivo turístico.

É indispensable coñecer con que informes da Dirección Xeral do Patrimonio conta o Goberno galego para pisotear a nosa historia e o noso patrimonio.

Débese aclarar de inmediato que xestións ten feito o Goberno galego para conservar no lugar o importante xacemento con restos de distintas épocas. Cabe recordar que no pasado mes de agosto o concello de Noia pediulle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a conservación dos restos no seu lugar orixinal.

Polo exposto con anterioridade, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que informes da Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia avalan que o Goberno galego poida pisotear a nosa historia e o noso patrimonio ao desmantelar o xacemento de Taramancos - Noia?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Pablo Xabier López Vidal
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 03/10/2011 18:21:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2011 18:21:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 03/10/2011 18:21:51

Pablo Xabier López Vidal na data 03/10/2011 18:22:00



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López e Pablo Xabier López Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno** co obxecto de coñecer as decisións tomadas polo Goberno galego respecto da **protección do castro descuberto en Taramancos - Noia coincidindo coa execución dunha infraestrutura terrestre promovida pola Xunta de Galicia**.

O asentamento castrexo de Taramancos, descuberto o pasado maio durante as obras de construción da variante de Noia e que coincide co trazado desta rede viaria está véndose alterado e parece que o Goberno galego ten decidido o seu desmantelamento definitivo. Os vestixios históricos atopados segundo ten explicitado o departamento de Medio Ambiente e Territorio do Goberno galego "despois de clasificalos e inventariarlos retiráranse do lugar".

As explicacións públicas dadas polo Goberno galego xustifican a agresión ao patrimonio cultural deste País na "falta de relevancia arqueolóxica e o deterioro do xacemento".

Desde maio os arqueólogos estudian estes restos baixo a supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

A alarma saltou no concello de Noia cando se coñeceu que unha das vivendas xa escavadas e de planta circular desaparecera. O Goberno galego escudouse publicamente dicindo que se estaba escavando baixo as edificacións castrexas e romanas.

A realidade demostra que se pode estar diante dunha perda irreversible para Noia e para toda Galicia. O Goberno galego manifesta indiferencia diante da demanda de protección do noso patrimonio cultural e arqueolóxico.

É evidente que parece que a Xunta de Galicia decidiu eliminar, previa "escavación, catalogación e inventario", o importante xacemento arqueolóxico que saíu á luz no concello de Noia ao fío da construción da ponte sobre a ría.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno galego non manifestou en ningún momento intención algunha de conservar in situ o asentamento, ao pé da aldea de Taramancos, a uns 300 metros do mar. Conta con restos e estruturas de edificacións de distintos períodos da historia, que van desde a Idade de Bronce, pasando polas épocas romanas, castrexa e outras máis tardías, ata o século IV despois de Cristo.

Esta forma de actuar do Goberno galego pon de manifesto un total desprezo da conservación do patrimonio e do medio ambiente e provocan "unha enorme perda" para a historia de Noia, que non conserva ningún outro resto romano, ao mesmo tempo que supón unha perda dun atractivo turístico.

É indispensable coñecer con que informes da Dirección Xeral do Patrimonio conta o Goberno galego para pisotear a nosa historia e o noso patrimonio.

Débese aclarar de inmediato que xestións ten feito o Goberno galego para conservar no lugar o importante xacemento con restos de distintas épocas. Cabe recordar que no pasado mes de agosto o concello de Noia pediulle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a conservación dos restos no seu lugar orixinal.

Polo exposto con anterioridade, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que fixo oídos xordos o Goberno galego á petición realizada o pasado mes de agosto polo concello de Noia para a conservación dos restos no seu lugar orixinal?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Pablo Xabier López Vidal
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 03/10/2011 18:23:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2011 18:23:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 03/10/2011 18:23:30

Pablo Xabier López Vidal na data 03/10/2011 18:23:37



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López e Pablo Xabier López Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno** co obxecto de coñecer as decisións tomadas polo Goberno galego respecto da **protección do castro descuberto en Taramancos - Noia coincidindo coa execución dunha infraestrutura terrestre promovida pola Xunta de Galicia**.

O asentamento castrexo de Taramancos, descuberto o pasado maio durante as obras de construción da variante de Noia e que coincide co trazado desta rede viaria está véndose alterado e parece que o Goberno galego ten decidido o seu desmantelamento definitivo. Os vestixios históricos atopados segundo ten explicitado o departamento de Medio Ambiente e Territorio do Goberno galego "despois de clasificalos e inventariarlos retiraranse do lugar".

As explicacións públicas dadas polo Goberno galego xustifican a agresión ao patrimonio cultural deste País na "falta de relevancia arqueolóxica e o deterioro do xacemento".

Desde maio os arqueólogos estudian estes restos baixo a supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

A alarma saltou no concello de Noia cando se coñeceu que unha das vivendas xa escavadas e de planta circular desaparecera. O Goberno galego escudouse publicamente dicindo que se estaba escavando baixo as edificacións castrexas e romanas.

A realidade demostra que se pode estar diante dunha perda irreversible para Noia e para toda Galicia. O Goberno galego manifesta indiferencia diante da demanda de protección do noso patrimonio cultural e arqueolóxico.

É evidente que parece que a Xunta de Galicia decidiu eliminar, previa "escavación, catalogación e inventario", o importante xacemento arqueolóxico que saíu á luz no concello de Noia ao fío da construción da ponte sobre a ría.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno galego non manifestou en ningún momento intención algunha de conservar in situ o asentamento, ao pé da aldea de Taramancos, a uns 300 metros do mar. Conta con restos e estruturas de edificacións de distintos períodos da historia, que van desde a Idade de Bronce, pasando polas épocas romanas, castrexa e outras máis tardías, ata o século IV despois de Cristo.

Esta forma de actuar do Goberno galego pon de manifesto un total desprezo da conservación do patrimonio e do medio ambiente e provocan "unha enorme perda" para a historia de Noia, que non conserva ningún outro resto romano, ao mesmo tempo que supón unha perda dun atractivo turístico.

É indispensable coñecer con que informes da Dirección Xeral do Patrimonio conta o Goberno galego para pisotear a nosa historia e o noso patrimonio.

Débese aclarar de inmediato que xestións ten feito o Goberno galego para conservar no lugar o importante xacemento con restos de distintas épocas. Cabe recordar que no pasado mes de agosto o concello de Noia pediulle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a conservación dos restos no seu lugar orixinal.


Polo exposto con anterioridade, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que xestións ten feito o Goberno galego para conservar no lugar o importante xacemento de Taramancos - Noia, que conta con restos de distintas épocas?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Pablo Xabier López Vidal
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 03/10/2011 18:23:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2011 18:23:52

María Concepción Burgo López na data 03/10/2011 18:23:58

Pablo Xabier López Vidal na data 03/10/2011 18:24:04



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López e Pablo Xabier López Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno** co obxecto de coñecer as decisións tomadas polo Goberno galego respecto da **protección do castro descuberto en Taramancos - Noia coincidindo coa execución dunha infraestrutura terrestre promovida pola Xunta de Galicia**.

O asentamento castrexo de Taramancos, descuberto o pasado maio durante as obras de construción da variante de Noia e que coincide co trazado desta rede viaria está véndose alterado e parece que o Goberno galego ten decidido o seu desmantelamento definitivo. Os vestixios históricos atopados segundo ten explicitado o departamento de Medio Ambiente e Territorio do Goberno galego "despois de clasificalos e inventariarlos retiraranse do lugar".

As explicacións públicas dadas polo Goberno galego xustifican a agresión ao patrimonio cultural deste País na "falta de relevancia arqueolóxica e o deterioro do xacemento".

Desde maio os arqueólogos estudian estes restos baixo a supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

A alarma saltou no concello de Noia cando se coñeceu que unha das vivendas xa escavadas e de planta circular desaparecera. O Goberno galego escudouse publicamente dicindo que se estaba escavando baixo as edificacións castrexas e romanas.

A realidade demostra que se pode estar diante dunha perda irreversible para Noia e para toda Galicia. O Goberno galego manifesta indiferencia diante da demanda de protección do noso patrimonio cultural e arqueolóxico.

É evidente que parece que a Xunta de Galicia decidiu eliminar, previa "escavación, catalogación e inventario", o importante xacemento arqueolóxico que saíu á luz no concello de Noia ao fío da construción da ponte sobre a ría.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno galego non manifestou en ningún momento intención algunha de conservar in situ o asentamento, ao pé da aldea de Taramancos, a uns 300 metros do mar. Conta con restos e estruturas de edificacións de distintos períodos da historia, que van desde a Idade de Bronce, pasando polas épocas romanas, castrexa e outras máis tardías, ata o século IV despois de Cristo.

Esta forma de actuar do Goberno galego pon de manifesto un total desprezo da conservación do patrimonio e do medio ambiente e provocan "unha enorme perda" para a historia de Noia, que non conserva ningún outro resto romano, ao mesmo tempo que supón unha perda dun atractivo turístico.

É indispensable coñecer con que informes da Dirección Xeral do Patrimonio conta o Goberno galego para pisotear a nosa historia e o noso patrimonio.

Débese aclarar de inmediato que xestións ten feito o Goberno galego para conservar no lugar o importante xacemento con restos de distintas épocas. Cabe recordar que no pasado mes de agosto o concello de Noia pediulle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a conservación dos restos no seu lugar orixinal.

Polo exposto con anterioridade, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que accións de protección do asentamento castrexo descuberto en Taramancos -Noia adoptou o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Pablo Xabier López Vidal
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 03/10/2011 18:37:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2011 18:37:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 03/10/2011 18:38:00

Pablo Xabier López Vidal na data 03/10/2011 18:39:06



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés, Carmen Acuña do Campo, Silvia Fraga Santos, Sonia Verdes Gil, Modesto Pose Mesura e Beatriz Sestayo Doce, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno galego aprobou hai pouco máis dun ano a Lei 5/2010, de 23 de xuño, que establece e regula unha rede de apoio ás mulleres embarazadas; fíxoo sen ter en conta a opinión das asociacións que dende hai anos loitan polos dereitos das mulleres, obviando o gran tecido social que estas representan e ignorando, en definitiva, ós colectivos feministas. Aprobou a nova normativa en solitario, sen consenso e sen contar co apoio do resto de grupos con representación parlamentaria.

A Lei de apoio á muller embarazada encaixa perfectamente no ideario do Partido Popular, que non está a decatarse de que a sociedade galega quere romper cos estereotipos da dereita sobre a familia, unha realidade ante a que si reaccionou o anterior goberno da Xunta de Galicia, que deu un importante pulo ás garderías, ós comedores escolares e, en definitiva, ás medidas de conciliación da vida laboral coa familiar. Lonxe de non decatarse, o actual executivo galego está a fender con logros que se acadaron tras moitos anos de loita.

O Goberno galego está a seguir as pautas que marca o Partido Popular en toda España no relativo ós dereitos das mulleres. Recentemente, o candidato do PP á Presidencia do Goberno de España, Mariano Rajoy, anunciou que derrogará a Lei de saúde sexual e reproductiva e dereito á interrupción voluntaria do embarazo se chega á Moncloa tras as eleccións de novembro.

Recuperaría así un texto do ano 1985, dando carpetazo ós avances conseguidos que supón dita lei, que está a cumprir cos seus obxectivos, entre eles reducir o número de abortos que se rexistran cada ano.

Na mesma liña pronunciouse a coordinadora de Participación Social do Partido Popular, Ana Pastor, que considera esta lei inxusta e innecesaria, empregando as súas propias palabras; O Partido Popular entende que a Ley de



Grupo Parlamentario

salud sexual y reproductiva é unha volta ó pasado e un tixeretazo ós dereitos das mulleres, cando estamos ante todo o contrario.

As políticas regresivas polas que aposta o Goberno galego tampouco están a conseguir os fins para os que foron pensadas. Fixémonos, por exemplo, en que a natalidade rexistrou un importante receso no ano 2010. Ben que a taxa baixou en toda España, Galicia é unha das comunidades nas que naceron menos e nenas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coincide o Goberno galego coas teses do candidato do PP á Presidencia do Goberno de España e da coordinadora de Participación Social do Partido Popular sobre a promesa de derrogar a Lei de saúde sexual e reproductiva e dereito á interrupción voluntaria do embarazo?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Carmen Acuña do Campo
Silvia Fraga Santos
Sonia Verdes Gil
Modesto Pose Mesura
Beatriz Sestayo Doce

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 04/10/2011 17:14:40

María del Carmen Acuña do Campo na data 04/10/2011 17:14:47

Silvia Belen Fraga Santos na data 04/10/2011 17:14:52

Sonia Verdes Gil na data 04/10/2011 17:14:58


Modesto Pose Mesura na data 04/10/2011 17:15:02



Grupo Parlamentario

Beatriz Sestayo Doce na data 04/10/2011 17:15:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2011 10:47
Nº Rexistro: 71642
Data envío: 05/10/2011 10:47:52.161

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á redución das posibilidades de captura da frota pesqueira galega no caladoiro NAFO.

A reunión anual celebrada pola Organización de Pescarías do Atlántico Noroeste –NAFO- en Halifax (Canadá) decidiu reducir de xeito incomprensíbel, e sen fundamentación científica, as posibilidades de captura da frota pesqueira galega nese caladoiro internacional.

En concreto, redúcese nun 5% a cota de fletán e un 7% a de bacallau na zona de Flemish Cap, en Terranova, aínda que o ditame científico recoñecía unha mellora na biomasa desta especie. Tamén baixa, até un 29%, a cota de raia (sen datos científicos que sustenten a decisión), e a bertorella, que pasa de 6.000 a 5.000 toneladas.

Malia existiren evidencias da recuperación destas especies, o resultado volve ser negativo para o sector pesqueiro galego. Non é explicábel que, no contexto descrito, a Unión Europea renunciara a defender os intereses de Galiza nese foro. Mentres, Galiza sen voz, sen voto, sen veto, e sen ningunha defensa nesas negociacións.

No marco descrito non se coñece unha soa actuación do Goberno do Partido Popular encamiñada a facer valer os intereses pesqueiros do noso país. Así fica só o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2011 10:47
Nº Rexistro: 71642
Data envío: 05/10/2011 10:47:52.161

sector, sen instrumento político-institucional de autodefensa no Estado ou na Unión Europea.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta oral en Pleno, dirixida á Conselleira do Mar:

Que avaliación realiza a Consellaría do Mar dos acordos adoptados en relación coas posibilidades de pesca da frota galega no caladoiro NAFO?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 05/10/2011 10:42:56



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, Beatriz Sestayo Doce e Ismael Rego González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Vía de Alta Capacidade da Costa Norte naceu na anterior lexislatura cunha vocación clara de vertebrar e mellorar a mobilidade e a competitividade dos cidadáns do litoral do nordeste das provincias de Coruña e Lugo.

Unha infraestrutura de comunicación que está chamada a integrar na rede de altas prestacións do noso país aos 11 concellos das comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal e a Mariña luguesa. Serán máis de 300.000 habitantes os directa ou indirectamente beneficiados por este vial, así como todo o tecido productivo asentado nestas comarcas e que abrangue ao sector da pesca, da explotación forestal, industria mineira, transportes, téxtil, alimentación, turismo, etc.

Coa chegada do Partido Popular as responsabilidades de Goberno comezan as revisións, os cambios de data para a posta en funcionamento do vial, pasando do 2013 previsto ao 2017; as modificacións de proxectos para incrementar os atrasos e a ausencia, en preto de tres anos, de ningún tipo de licitación dalgún dos tramos proxectados.

Foi no mes de febreiro de 2010 cano o propio presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo na inauguración dunha autovía rematada polo anterior Goberno socialista, a AG-64, se comprometeu en público e de xeito solemne a ter máis do 50% do percorrido en obras ou en expropiacións nese ano.

Cunha simple mirada a realidade, podemos constatar que só están en obras os dous treitos que foron adxudicados polo anterior goberno. Logo de dous anos e medio de mandato do actual executivo, dos oito treitos que quedan, só están tres en proceso de expropiación e quedan cinco sen encetar.



Grupo Parlamentario

Por outra banda as obras da variante de ortigueira tiñan un prazo de execución de 30 meses que venceu no mes de xullo do ano no que andamos e as mesmas aínda non foron rematadas. Tampouco se licitou nin un só tramo dos que quedan pendentes por executar en todo este tempo, dous anos e medio de Goberno popular.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Diante desta situación de clara incapacidade por rematar un proxecto fundamental para esta zona do noso país, que supón unha condena decretada pola incompetencia e polo incumprimento dos compromisos asumidos, e polo que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando pensa licitar a Xunta de Galicia algún tramo pendente da VAC Costa Norte para cumprir, aínda que sexa con atraso, o compromiso asumido no seu día polo Presidente da Xunta de Galicia con esta infraestrutura de comunicación que vertebra o litoral das provincias de Coruña e Lugo?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Beatriz Sestayo Doce

Ismael Rego González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 06/10/2011 9:38:06

Beatriz Sestayo Doce na data 06/10/2011 9:38:11

Ismael Rego González na data 06/10/2011 9:38:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A comunidade educativa do IES Illa de Arousa está a manifestar o seu fondo malestar ante a negativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de atender as xustas reivindicacións que están a defender, respecto das necesidades acuciantes que presenta este centro de cara ao curso 2011-2012, para poder desenvolver o seu labor educativo coa calidade educativa requirida.

As carencias denunciadas pola comunidade educativa do IES Illa de Arousa revisten a suficiente gravidade como para que sexan atendidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa máxima urxencia. En concreto, podemos citar as seguintes:

- Número insuficiente de profesorado que está a provocar a prohibición, por parte da administración educativa, de desdobre no segundo curso de ensinanza secundaria.
- Necesidade imperiosa dun profesor de Pedagogía Terapéutica, alomenos, e como mínimo, a tempo parcial compartido con outro centro.
- Acometer coa máxima urxencia a necesaria ampliación do centro para así dar resposta as necesidades presentes e futuras de escolarización.
- Catalogar definitivamente ao IES Illa de Arousa como un centro de liña 3 para así dar resposta as necesidades educativas coa dimensión requirida.



Grupo Parlamentario

Como vemos, estamos a falar de carencias de recursos humanos e materiais que sen dúbida afectan aos niveis de calidade que deben esperarse dun centro público de ensinanza secundaria. Tal situación, ademais de por parte da comunidade educativa, é recoñecida tamén por todos os grupos políticos con representación no concello da Illa de Arousa, que teñen votado por unanimidade o apoio a estas xustas reivindicacións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa atender o Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria as reivindicacións da comunidade educativa do IES Illa de Arousa respecto das graves carencias en materia de recursos humanos e materiais de dito centro?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 06/10/2011 16:04:02

María Concepción Burgo López na data 06/10/2011 16:04:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/10/2011 16:04:12

Francisco Xulio Cerviño González na data 06/10/2011 16:04:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Víítez Alonso e Fernando Branco Parga, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno** dirixida ao Goberno Galego, sobre as xestións realizadas polo Goberno galego relativas á nova fiscalidade para a construción de buques.

O sector da construción naval na Galiza sigue pendente de que a Unión Europea resolva o procedemento iniciado como consecuencia dunha denuncia feita sobre o réxime fiscal aplicado á construción de novos buques e que se coñecía como sistema de arrendamento fiscal español.

A denuncia e, sobre todo, a apertura de dito procedemento supuxo a parálise do sector naval galego, nomeadamente o asentado na ría de Vigo incidindo, aínda máis, na crítica situación pola que esta pasando, habida conta da escasa carga de traballo.

Estas circunstancias influíron e influén na contratación da construción de novos barcos, habida conta da incertidume xerada por falla de alternativa ao sistema existente e, tamén, de aqueles que xa se están construíndo co sistema de arrendamento establecido.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas situacións aínda non están resoltas a pesar dos diversos anuncios feitos, máis o Goberno galego ten manifestado a súa intención de intervir directamente acadar unha solución. Pasado un tempo máis que prudente é o que nos leva ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que xestións ten feito o Goberno galego para resolver a incidencia, no sector naval galego, do procedemento iniciado contra o sistema de arrendamento fiscal español?.

Santiago de Compostela, 5 de Setembro do 2011.

Asdo. Henrique Viéitez Alonso

Fernando Branco Parga

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 06/10/2011 18:21:03

Fernando Branco Parga na data 06/10/2011 18:21:07

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727